



Concello de Vigo
Expte. 5206/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 20/2025

SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2025

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** ordinaria do 27 de outubro e extraordinaria do 14 de novembro 2025.

Declaracións institucionais.

2. Declaración Institucional polo 25 de novembro, "Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller". Expte 14211/224 (Expte. Pleno 5197/1101).

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3. Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029. Expediente 5160/1101.(Expt. Pleno 5195/1101).

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

4. Solicitud de compatibilidade de funcionario de carreira. Expediente 47528/220. (Expte. Pleno 5209/1101).

Mocións:

5. Moción do grupo municipal do BNG sobre a necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista. Expte. 5210/1101.
6. Moción do grupo municipal do Partido Popular para dar impulso a conexión ferroviaria entre Vigo e Portugal a través da saída sur e solicitar a reprobación do Ministro de Transportes, Óscar Puente. Expte. 5211/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 1 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan para rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Vigo. Expte. 5212/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista para ratificar o compromiso do Concello de Vigo coa loita contra a violencia de xénero. Expte. 5213/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista de reprobación da Xunta de Galicia en relación coa facultade de Medicina para Vigo. Expte. 5214/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista sobre o rexeitamento da incautación do edificio dos antigos Xulgados, a través da Lei de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia. Expte. 5215/1101.

PARTE DE CONTROL

Resolucións.

11. Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as; dación de conta. Expediente 1483/1102. (Expte. Pleno 5164/1101).
12. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5207/1101.
13. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5208/1101.
14. **Formulación de rogos.**
15. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel (presencia telemática)
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 2 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier (incor-
pórase no punto 6)
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

NON ASISTEN:

Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista.
Silva Rego, M^a Carmen, 1^a Tenente de Alcalde grupo Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e cinco (24/11/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

Incidencia: A Presidencia retira a moción urxente do grupo municipal Socialista presentada o 20 de novembro, cuxo contido figura no expediente electrónico número 5217/1101.

1.(186). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIA DO 14 DE NOVEMBRO 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 18/2025 ordinaria, celebrada o 27/10/25
- Sesión núm. 19/2025 extraordinaria, celebrada o 14/11/25

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(187). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO, "DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER". EXPTE 14211/224 (EXPTE. PLENO 5197/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 3 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia da conta da Declaración Institucional polo “Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres”, e dálle a palabra a Dna. Rosario Otero Rodríguez, da asociación “Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos de Vigo”, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller, que literalmente di:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O 25 de novembro non é un día calquera. Foi instaurado polas Nacións Unidas en 1999 en lembranza das irmás Mirabal, as dominicanas Minerva, Patria e María Teresa, asasinadas pola ditadura de Trujillo en 1960 por defender a liberdade e os dereitos das mulleres. Dende entón, cada ano, esta data convértese nun clamor mundial contra a violencia machista, unha violencia que non entende de fronteiras, idades, nin clases sociais, e que segue a ser unha das máis graves violacións dos dereitos humanos no mundo enteiro.

E por isto un ano máis, reunímonos neste espazo para lembrar que a violencia contra as mulleres segue sendo unha das máis graves e persistentes feridas da nosa sociedade. No 2025, a pesar dos avances logrados, o número de mulleres asasinadas, agredidas ou silenciadas continúa a ser inaceptable. A violencia machista segue aí, adoptando novas formas, estendéndose tamén polos espazos dixitais, nas redes, e reproducíndose entre xeracións que naceron xa baixo leis de igualdade. Hoxe, máis de vinte anos despois da aprobación en España da Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, seguimos tendo que erguer a voz. A realidade amósanos que, malia os avances, a violencia contra as mulleres continúa moi presente.

En 2024 rexistráronse en España máis de 101.000 casos activos no sistema VioGén, e en 2025 aumentaron un catro por cento as denuncias con respecto ao ano anterior. Ademais, máis de 52.000 deses casos afectan a mulleres con menores ao seu cargo, o que fai evidente que a violencia non só destrúe vidas, senón tamén infancias. Estes datos son máis que cifras: son rostros, historias, medos e silencios que non podemos aceptar como inevitables.

A medida que estas cifras aumentaron tamén o fixo a resposta negacionista da violencia de xénero, que pretende desvirtuar a súa natureza e poñer en dúbida o seu carácter estrutural. Intentos de derrogar políticas específicas de protección, de cuestionar a terminoloxía e de debilitar recursos institucionais que poñen en risco conquistas fundamentais das últimas décadas. Non se pode retroceder. Ningunha sociedade democrática e libre pode permitirse mirar cara outro lado mentres se vulneran dereitos humanos básicos.

A violencia contra as mulleres non é un problema privado nin individual, é unha cuestión estrutural, froito dun sistema que segue a colocar os homes nunha posición de poder e ás mulleres nun lugar de subordinación. Mentres isto non se transforme de raíz, non rematará a violencia.

A educación —nas aulas, nas familias e nos medios— é a ferramenta máis poderosa para romper este círculo. Educar en igualdade, en empatía, en respecto, é investir en futuro. Precisamos formar a nenas e nenos, mozas e mozos, nunha cultura do respecto, da empatía e da igualdade real. Non abonda con ensinar a “non ser violentos”: cómpre aprender a recoñecer as desigualdades, a cuestionar os roles impostos e a construír relacións libres de control e de medo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 4 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nos últimos meses, vimos con preocupación como se multiplican os discursos misóxinos en Internet, as campañas de acoso dixital e a banalización da violencia sexual a través de contidos virais. Cada mensaxe, cada vídeo, cada "broma" que perpetúa o desprezo ás mulleres é unha arma que alimenta a violencia. É tempo de dicir alto e claro: non imos toleralo. A liberdade e a dignidade das mulleres non son negociables. As novas formas de violencia tamén nos interpelan. A violencia dixital, o acoso en redes, a difusión non consentida de imaxes íntimas ou o control tecnolóxico das parellas son expresións actuais do mesmo patriarcado que historicamente intentou dominar e silenciar ás mulleres. Por iso, a loita pola igualdade debe actualizarse, expandirse e adaptarse a estas novas realidades.

Non podemos esquecer tampouco ás mulleres que loitan noutras partes do mundo por dereitos fundamentais: ás iranianas que desafían leis inxustas, ás afgás privadas de educación, ás palestinas, ucráínas e sudanesas que sofren a guerra e a violencia armada nos seus corpos. A súa valentía é un recordatorio de que a igualdade é unha causa global.

Neste 25 de novembro, afirmamos con forza o noso compromiso colectivo: nin un paso atrás. Exiximos políticas sólidas, recursos suficientes e unha sociedade que non tolere nin xustifique nunca máis a violencia machista en ningunha das súas formas.

É tamén responsabilidade das institucións garantir unha atención integral, áxil e eficaz para todas as vítimas, asegurando recursos suficientes, acompañamento psicolóxico, protección efectiva e reparación social. As mulleres que sofren violencia non deben atoparse soas nin desamparadas por un sistema que ás veces chega tarde ou non chega de todo.

Neste 25 de novembro lembramos a todas as vítimas da violencia machista. Mulleres que foron asasinadas, que sufriron agresións, que foron silenciadas ou que aínda hoxe viven co medo como compañeiro diario. A súa memoria debe guiarnos e empurrarnos a seguir loitando."

ACORDO:

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos vinte e catro (24) membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(188). CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2029 A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO E SE APROBA O MARCO FINANCEIRO PARA O PERÍODO 2026-2029. EXPEDIENTE 5160/1101.(EXPT. PLENO 5195/1101).

ANTECEDENTES: Con data 5 de novembro o Secretario Xeral do Pleno co conforme da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, emite o seguinte informe proposta,

«Antecedentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 5 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- O Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1.e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo.- Con data 3.02.2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Conorcio Casco Vello de Vigo" (en adiante CCVV).

Na sesión do 28.11.2006 do Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo acordouse por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo; feito que se acordou pola comisión liquidadora na súa sesión do 17.07.2007.

Terceiro.- Con data 1.10.2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo pasando a ocupar o lugar que deixaba o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Deste modo o Consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

O 16 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 30 de xuño de 2012.

O Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na sesión celebrada o día 21.03.2012 acordou modificar os seus Estatutos, incluíndo entre ditas modificacións a duración do citado ente ata o 30 de decembro de 2017.

No Diario Oficial de Galicia núm. 246 do 27 de decembro de 2012 publicouse a modificación dos Estatutos do CCVV.

No art. 6 dos Estatutos, sinalase que o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017 podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinábase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

Cuarto.- O Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 25/10/2017 aprobou un convenio de colaboración, remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo, a subscribir entre o Concello de Vigo e o IGVS coa finalidade de prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello ata a data do 30.12.2021.

O Consello de Administración do CCVV en sesión do 24/06/2021 aprobaba a prórroga da súa vixencia ata o 31 de decembro do 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 6 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- Con rexistro de entrada do 14/10/2025, cód. Solicitud W1375780-9641, a Xerencia do CCVV remite ao Concello de Vigo certificación do acordo adoptado polo Consello de Administración de tal ente adoptado en sesión do 09.10.2025 no que se aproba a redacción dun borrador de "Convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo, mediante o que se amplía a vixencia do Consorcio do casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029", que ten por obxecto ampliar "a vixencia do CCVV, establecendo un novo período de duración ate o 31 de decembro de 2029", e determinando as aportacións (achegas) das Administracións consorciadas ata ese exercicio (cláusula segunda). Así mesmo, entre outros documentos, e polo que aquí interesa, se remite o "Plan de actuación 2026-2030" e o borrador do "Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se amplía a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029".

Sétimo.- Con data 30/10/2025, a Xerencia do CCVV incorpora ao expte 5160/1101 (trámite 25) certificación do acordo do Consello de Administración de tal ente, adoptado en sesión do 30/10/2025, no que se aceptan as modificacións introducidas polo IGVS no texto do convenio e se aproba a redacción dun texto definitivo de "Convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 a vixencia do Consorcio do casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029".

O proxecto de convenio remítese aos dous entes consorciados, Concello de Vigo e IGVS, ao obxecto de que os órganos competentes de cada un deles adopten os acordos que estimen convinte.

Normativa aplicable.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LRBL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA).
- Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo DOG núm. 246 do 27/12/2012.

En cumprimento do sinalado no artigo 50.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no artigo 122.5.e).2º da LRBL, que advirte do informe preceptivo do secretario xeral do Pleno nos asuntos para os que se esixa unha maioría especial, emítese o seguinte,

INFORME

Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Colaboración entre administracións

O artigo 10.1 da LRBL, establece que "1. A Administración Local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos".

Pola súa banda, o artigo 57 indica que "1. A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 7 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban. De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, para os efectos de manter unha recíproca e constante información.

2. A subscrición de convenios e constitución de consorcios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Segundo.- Natureza.

As denominadas “organizacións supramunicipais” non son de exclusivo carácter territorial (Áreas Metropolitanas ou Mancomunidades), tamén poden ter un carácter asociativo con outros entes públicos para acadar obxectivos e fins comúns, caso dos Consorcios. Pola súa parte o artigo 2 da LALGA concibe aos Consorcios, Áreas Metropolitanas e Mancomunidades como entes locais non territoriais.

Neste sentido o artigo 2 dos Estatutos do CCVV sinalan a natureza deste ente: “Artigo 2. *Natureza.* O Consorcio regulado nestes estatutos constitúe unha entidade local de dereito público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O Consorcio rexerese por estes estatutos e polo previsto na normativa específica que lle resulte de aplicación.” Fins que se recollen no artigo 4 dos seus Estatutos.

Terceiro.- Duración.

O artigo 6 dos Estatutos do CCVV sinala que a “vixencia” deste ente público local nos seguintes termos: “Artigo 6. *Duración.*

1. *Sen prexuízo do disposto nestes estatutos sobre a súa disolución, o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017. Poderá ser prorrogada a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.”*

Cuarto.- Contido formal do Convenio.

A proposta do Convenio para a súa aprobación, ao que se refire o antecedente sexto, contempla, no seu contido, o sinalado no artigo 49 da LRXSP:

- Suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes.
- A competencia na que se fundamenta a actuación do Concello de Vigo e o IGVS ven recollida nos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.
- Obxecto do convenio e actuacións a realizar polo IGVS e o Concello de Vigo (cláusula segunda)
- Obrigas e compromisos económicos asumidos polas partes e imputación concreta ó orzamento correspondente (cláusula segunda).
- Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polas partes (cláusula cuarta), e criterios para determinar a posible indemnización por incumprimento (non se mencionan).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 8 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- f) Mecanismos de seguimento e control na execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes resolvendo os problemas de interpretación e cumprimento que poidan *plantearse* respecto de los convenios (cláusula quinta).
- g) Réxime de modificación del convenio (cláusula quinta). *"Así mesmo, a modificación do contido do presente convenio, [...], requirirá acordo unánime das partes asinantes"*.
- h) Prazo de vixencia (cláusula primeira).

O convenio tamén reflicte as causas de resolución (cláusula cuarta); o réxime xurídico (cláusula terceira); xurisdición competente (cláusula terceira); e publicidade (cláusula sexta).

Cuarto.- Expediente.

A Memoria á que se refire o artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, pode ser entendida como o documento titulado "Plan de actuación 2026-2030" aprobado polo Consello de Administración do Consorcio na súa sesión do 09/10/2025, remitido a este Concello (antecedente quinto), e incorporado ao expediente 5160/1101 no trámite 6.

"Artículo 50. Trámites preceptivos para la suscripción de convenios y sus efectos.

1. Sin perjuicio de las especialidades que la legislación autonómica pueda prever, será necesario que el convenio se acompañe de una memoria justificativa donde se analice su necesidad y oportunidad, su impacto económico, el carácter no contractual de la actividad en cuestión, así como el cumplimiento de lo previsto en esta Ley".

De conformidade coa resolución de alcaldía do 28/06/2024, ditada no expte 1499/1102 e publicada no BOP de Pontevedra 133 do 09/07/2024, corresponde á Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade prestar a conformidade á proposta.

"Modificación da delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de goberno de Patrimonio histórico, cultura e igualdade [...]

RESOLVE:

PRIMEIRO.- *Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos*

A) En materia de Patrimonio Histórico

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo e, en particular:

[...]

11. *Actuar como interlocutora nas relacións do Concello co Consorcio do Casco Vello de Vigo e tramitar e xestionar cantos expedientes deriven das relacións coa dita entidade, excluídos en todo caso os asuntos de natureza urbanística."*

Quinto.- Órgano competente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 9 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co sinalado no artigo 123.1.f) da LBRL, corresponde ao Pleno da Corporación a adopción de "f) Los acuerdos relativos a la participación en organizaciones supramunicipales"

En tanto que do que se trata é de prorrogar a existencia do Consorcio ata o 31.12.2029 e, en consecuencia, a participación do Concello de Vigo en tal ente determinando a súa *aportación* ata esa data, ese acordo debe adoptarse mediante o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co artigo 123.2 da LBRL.

Conclusión.

En conclusión, o convenio remitido adecúase ao ordenamento xurídico, en concreto o sinalado no artigo 49 da LRXSP polo que, logo do informe de fiscalización da Intervención xeral no que se refire ás achegas municipais, non existe inconveniente legal para a súa aprobación; e a tal efecto fórmulase a seguinte, .../...»

De seguido o funcionario informante emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

En data 7 de novembro, o Interventor Municipal emite informe de fiscalización.

Ditame. O 14 de novembro a Comisión Informativa de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade de Normalización Lingüística ditamina favorablemente a mencionada proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do Partido Popular (5) señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con vinte e un votos (21) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración transcrito no Anexo a este acordo remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo a subscribir entre o Concello de Vi-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 10 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

go e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que ten como fin prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata a data do 30.12.2029 determinando as achegas das Administracións consorciadas ata esa data.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xerencia do Consorcio Casco Vello de Vigo os efectos que correspondan.

ANEXO

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2029 A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO E SE APROBA O MARCO FINANCIERO PARA O PERÍODO 2026-2029

En Vigo, a [Data da sinatura]

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María Martínez Allegue, na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), en virtude das atribucións que lle confire a normativa vixente.

Doutra parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, con competencias para asinar este convenio segundo as funcións atribuídas pola lexislación de réxime local.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 3 de febreiro de 2005, o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo asinaron un convenio para a creación do "Consortio Casco Vello de Vigo" (CCVV), co fin de contribuír conxuntamente á recuperación da zona vella da cidade mediante a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles.

Segundo.- Que a participación no CCVV foi modificada en 2007, tras a separación do Consorcio da Zona Franca, quedando o capital repartido nun 90% para o IGVS e nun 10% para o Concello de Vigo.

Terceiro.- Que a vixencia do CCVV foi estendida en sucesivas ocasións mediante convenios de colaboración, rematando a vixencia do último o 31 de decembro de 2025.

Cuarto.- Que o Consello de Administración do CCVV aprobou o Plan de Actuación 2026-2030, que establece a folia de ruta estratéxica e as necesidades financeiras para dar continuidade ao labor de rehabilitación do casco vello de Vigo.

Quinto.- Que, estando próxima a expirar a vixencia actual do CCVV, e sendo necesario dotar ao organismo da cobertura xurídica e financeira para executar o novo plan, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 11 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O presente convenio ten por obxecto prorrogar a vixencia do CCVV até o 31 de decembro de 2029. Así mesmo, se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029.

Segunda.- Marco financeiro.

Para o financiamento das actividades do CCVV durante o período 2026-2029, recollidas no plan de actuación correspondente, as partes comprométense a realizar as seguintes achegas totais, que inclúen tanto as transferencias para gasto corrente como as de capital para investimentos:

Entidade	2026	2027	2028	2029
IGVS	1.760.656 €	1.929.341 €	1.101.801 €	2.321.212 €
Concello de Vigo	195.628 €	214.371 €	122.423 €	257.912 €

As achegas comprometidas están supeditadas ao ritmo de execución das obras contempladas no plan de actuación, en todo caso, limitadas polas dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio e polo cumprimento por parte da entidade das regras fiscais previstas na Ley Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ou a norma que no seu caso a substitúa.

Terceira.- Réxime xurídico.

Ao presente convenio seralle de aplicación o disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a lexislación básica en materia de réxime local, así como a regulación dos consorcios prevista Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

Cuarta.- Causas de Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa debidamente xustificada.
- O mutuo acordo das partes.

Quinta.- Revisión, Seguimento e Modificación

Para garantir a eficacia do plan e o uso óptimo dos recursos públicos, establécese a necesidade dun mecanismo de revisión e axuste anual do Plan de Actuación, que servirá como ferramenta de seguimento e vixilancia da execución do convenio.

Así mesmo, a modificación do contido do presente convenio, para adaptalo a novas circunstancias ou necesidades non previstas, requirirá o acordo unánime das partes asinantes.

Sexta.- Protección de datos.

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais es-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 12 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pecificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data citados supra.»

4.(189). SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE FUNCIONARIO DE CARREIRA. EXPEDIENTE 47528/220. (EXPTE. PLENO 5209/1101).

ANTECEDENTES: Con data 11 de novembro o técnico de Admón. Xeral, co conforme da xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, da concelleira de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“Antecedentes.

I.- Dº E. OTERO TABOADA, con número de persoal 84889, solicita compatibilidade do seu posto de traballo na administración pública, coa realización de funcións fóra da súa xornada laboral para participar como socio capitalista en empresa adicada ao transporte nacional de mercancías por estrada.

II.- -Dos datos que figuran nas aplicacións de persoal desta administración, o interesado é persoal funcionario na categoría de Policía Local, subgrupo C1, adscrito actualmente ao posto 421- Axente de Mobilidade e Transportes, coas seguintes retribucións:

	mes	Ano	Pagas Extras	Total
Básicas C1	865,68	10.388,16	7.18,21	11.106,37
CD 20	528,66	6.343,92	1.057,32	7.401,24
CE 365	1.178,98	14.147,76	2.357,96	16.505,72

III.- Con carácter previo á presente proposta, déuselle traslado ao interesado do informe do técnico de administración xeral de data 16/10/2025, conformado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación (e incorporado no trámite 9 do presente expediente), concedéndoselle un trámite de audiencia conforme ao artigo 82.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-Non constan presentadas alegacións no prazo concedido.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 13 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LIPSAP). A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP). Da citada normativa, cómpre destacar os seguintes artigos en relación ao suposto concreto referido:

A regulación das actividades privadas, establécese dentro do Capítulo IV da citada LIPSAP.

Dentro deste capítulo, o artigo Once, establece que:

"1. De acordo con lo dispuesto en el artículo 1º,3, de la presente Ley, el personal comprendido en su ámbito de aplicación no podrá ejercer, por sí o mediante sustitución, actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sean por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares que se relacionen directamente con las que desarrolle el Departamento, Organismo o Entidad donde estuviera destinado.

*Se exceptúan de dicha prohibición las actividades particulares que, en ejercicio de un derecho legalmente reconocido, realicen para sí los directamente interesados.
(..).*

Pola súa parte o, artigo Doce, dispón que:

1. En todo caso, el personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá ejercer las actividades siguientes:

a) El desempeño de actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sea por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares, en los asuntos en que esté interviniendo, haya intervenido en los dos últimos años o tenga que intervenir por razón del puesto público.

Se incluyen en especial en esta incompatibilidad las actividades profesionales prestadas a personas a quienes se esté obligado a atender en el desempeño del puesto público.

b) La pertenencia a Consejos de Administración u órganos rectores de Empresas o Entidades privadas, siempre que la actividad de las mismas esté directamente relacionada con las que gestione el Departamento, Organismo o Entidad en que preste sus servicios el personal afectado.

c) El desempeño, por sí o por persona interpuesta, de cargos de todo orden en Empresas o Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servicios o suministros, arrendatarias o administradoras de monopolios, o con participación o aval del sector público, cualquiera que sea la configuración jurídica de aquéllas.

d) La participación superior al 10 por 100 en el capital de las Empresas o Sociedades a que se refiere el párrafo anterior.

2. Las actividades privadas que correspondan a puestos de trabajo que requieran la presencia efectiva del interesado durante un horario igual o superior a la mitad de la jornada semanal ordinaria de trabajo en las Administraciones Públicas sólo podrán autorizarse cuando la actividad pública sea una de las enunciadas en esta Ley como de prestación a tiempo parcial."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 14 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Igualmente, o artigo Catorce, parágrafo terceiro, dispón que "Los reconocimientos de compatibilidad no podrán modificar la jornada de trabajo y horario del interesado y quedarán automáticamente sin efecto en caso de cambio de puesto en el sector público".

Por último, o apartado primeiro do artigo Dezaseis, establece que:

*"1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b) del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección."
(...)*

"4. Asimismo, por excepción y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1º.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30 por 100 de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.

Á súa vez, a Disposición transitoria novena, da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, regula Complemento específico e recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas mentras non se introduza o complemento do posto de traballo, establecendo no seu apartado 2:

"2. En tanto no se produzca la sustitución del complemento específico mencionado en el apartado anterior por el complemento de puesto de trabajo previsto por la presente ley, podrá reconocerse, conforme a lo dispuesto en la normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complemento específico o concepto equiparable, siempre que su cuantía no supere el treinta por ciento de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.

En el supuesto de que la cuantía de tal complemento supere el treinta por ciento referido, podrá concederse la compatibilidad siempre y cuando la persona interesada renuncie a la percepción del complemento específico o concepto equivalente."

Por último, no caso dos Polícias Locais, como sería este suposto, o artigo 58 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, establece que:

"Los miembros de los cuerpos de la Policía local no podrán ejercer ninguna otra actividad pública o privada, salvo las exceptuadas en el régimen general de incompatibilidades."

O tema de incompatibilidades do persoal das administracións públicas está en continua evolución a través do tratamento e análise que ao respecto se dá por parte da xurisprudencia nos últimos anos (citando a título de exemplo as sentenzas STS 5378/2019, de 26/04/2019 ou STS 4705/2023, de 16/11/2023, entre outras).

Merece especial mención ao caso a STS 1.684/2019, de data 05/12/2019, ditada en casación no procedemento 2454/2017, e no que se entra a valorar se:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 15 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"(...)Si la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan, entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privada.

O si, por el contrario, podrá otorgarse aquel derecho, aun remunerándose también el factor de incompatibilidad en esas retribuciones complementarias, cuando la cuantía de éstas no supere el 30 por 100 de las retribuciones básicas, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

No es lo mismo "especial dificultad técnica" que "incompatibilidad exigible para el desempeño de determinado puesto de trabajo" o "las condiciones en el que se desarrolla el trabajo" o "nivel de representatividad". La asignación de un complemento específico por un motivo concreto ha de identificar su razón de ser en la correspondiente Relación de Puestos de Trabajo para poder ser calificado como factor de incompatibilidad. (...)

A la vista de lo establecido en la Ley 53/1984 la percepción por parte de los empleados públicos de complementos específicos, o concepto equiparable, que incluyan expresamente entre los componentes que remuneran, el factor de incompatibilidad impide, en todo caso y con independencia de la cuantía de aquellas retribuciones complementarias, reconocerles la compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas.

Puede otorgarse el derecho a la compatibilidad cuando la cuantía de las retribuciones complementarias no supere el 30 por 100 de las retribuciones básicas, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad y de superarse debe estarse a lo establecido en el Real Decreto Ley 20/2012 de 13 de julio y el Acuerdo del Consejo de Ministros de 16 de diciembre de 2011 en el ámbito de la Administración General del Estado y lo que puedan establecer leyes de función pública autonómica."

Interpreta o Supremo que conforme á LIPSAP, a percepción por parte dos empregados públicos de complementos específicos ou concepto equiparable, que inclúan expresamente entre os compoñentes que remuneran o factor de incompatibilidade, impide, en todo caso e con independencia da contía de aquela retribucións complementarias, o recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas.

E a sensu contrario, podería recoñecerse cando eses complementos non superen o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos de antigüidade, e no caso de superarse, sempre que se proceda á súa redución.

Á última sentenza a destacar neste ámbito é a STS 1.022/2024, do 10/06/2024 (recurso de casación 1789/2022).

Nela trátase de determinar se, para o criterio legal que establece o límite das retribucións que delimitan o ámbito de compatibilidade da función pública coas actividades privadas (no marco de aplicación do artigo 16.4 da lei), deberá terse en conta só aquel compoñente do complemento específico efectivamente cuantificado en razón das funcións concretas de cada posto de traballo, ou tamén aquela parte do complemento específico que nada ten que ver coas características específicas do posto, senón que é uniforme para cada emprego ou categoría.

A conclusión do alto Tribunal é favorable neste caso aos intereses do interesado, delimitando a parte concreta do complemento específico que afecta á hora de realizar a cuantificación;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 16 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(...) "la conclusión ha de ser que solo aquel componente del complemento retributivo que en realidad guarda relación con las características de cada puesto de trabajo puede razonablemente ser tenido en cuenta a la hora de calcular si se supera el 30% de las retribuciones básicas y, por tanto, si cabe la compatibilidad con una actividad privada. La solución opuesta pecaría de vacío formalismo y, sobre todo, podría resultar aleatoria: superar o no el citado techo del 30% dependería de qué conceptos retributivos -cualquiera que sea la finalidad de los mismos- se encuadran dentro del complemento específico. Dicho de otro modo, la rígida interpretación llevada a cabo por el acto administrativo recurrido y la sentencia impugnada solo sería convincente si estuviera rigurosamente prohibido que el complemento específico comprenda nada ajeno a las características de cada puesto de trabajo."

-Pois ben, no caso concreto, o interesado figura adscrito a un posto de Axente mobilidade e transportes (C1), no corpo da Policía Local (M/T), que conta coas seguintes retribucións:

	mes	Ano	Pagas Extras	Total
Básicas C1	865,68	10.388,16	7.18,21	11.106,37
CD 20	528,66	6.343,92	1.057,32	7.401,24
CE 365	1.178,98	14.147,76	2.357,96	16.505,72

-A contía das retribucións complementarias superaría o 30% de las retribucións básicas (excluída antigüidade).

-A maiores, cómpre lembrar que, conforme ao artigo 8 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, son funcións do corpo da Policía local entre outras:

b) Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no solo urbano legalmente delimitado, de acordo con o establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria.

Polo que a posible compatibilidade da actividade de transporte nacional de mercancías por estrada, chocaría en este caso co xa disposto anteriormente con respecto ao establecido no artigo 12 da Lei 53/84 (LIPSAP):

"1. En todo caso, el personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá ejercer las actividades siguientes:

a) El desempeño de actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sea por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares, en los asuntos en que esté interviniendo, haya intervenido en los dos últimos años o tenga que intervenir por razón del puesto público.

Se incluyen en especial en esta incompatibilidad las actividades profesionales prestadas a personas a quienes se esté obligado a atender en el desempeño del puesto público.

Á vista do exposto, proponse desestimar a solicitude do interesado.

II.- Órgano competente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 17 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, polo que se eleva ao órgano competente, previo conforme da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións da Alcaldía mediante resolución de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 26/09/2025); a seguinte .../...»

De seguido o funcionario informante emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DIA:

- *Votos a favor:* unanimidade dos vinte e catro membros presentes (24); dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal acorda incluír o expediente na Orde do Dia.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA PROPOSTA:

- *Votos a favor:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

- *Votos en contra:* Non houbo.

- *Abstencións:* oito (8), dos membros do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 18 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude presentada polo funcionario de carreira Dº E. OTERO TABOADA, con número de persoal 84889, denegando a compatibilidade das funcións do seu posto de axente da Policía Local do Concello de Vigo, coa realización de funcións fóra da súa xornada laboral, como socio capitalista en empresa adicada ao transporte nacional de mercancías por estrada.

Todo conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado to, indicándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

*.- **Incidencia.** Sendo as 09:29 horas, ausentase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Carta Tenente de Alcalde, Sra. Caride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

MOCIÓNS:

5.(190). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA. EXPTE. 5210/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5210/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"SOBRE A NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Neste 2025 fanse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 19 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das e dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, eliminouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos. Algo tan sensíbel como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o pleno exercicio polas mulleres dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, alentadas pola dereita ultraespañolista, que coincide coa defensa neoliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 20 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

violencia machista é violencia machista ou que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionábel, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Aliás, no ámbito municipal o Concello de Vigo debe continuar a intensificar os esforzos e mobilizar aínda máis recursos para facer das políticas feministas, e singularmente do combate contra todas as formas de violencia machista, unha verdadeira prioridade na axenda política. Vigo foi unha cidade pioneira e referencial precisamente na posta en marcha de políticas en prol dunha verdadeira igualdade de xénero, e cómpre revitalizar con aínda máis determinación ese compromiso con medidas concretas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Ratificando o compromiso do Concello de Vigo na denuncia de que o negacionismo da violencia machista é unha forma, precisamente, de violencia machista e reafirmando o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas, chama ao conxunto da cidadanía viguesa a participar das mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego para este 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

a) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrencia e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

b) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

c) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 21 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Instar ao Goberno municipal a:

- Aumentar significativamente os recursos que o Concello de Vigo dedica a campañas de sensibilización en contra da violencia machista, despregando accións continuadas a nivel social e prestando especial atención á mocidade e o ámbito escolar.
- Posta en marcha dun novo Programa Municipal de Apoio a Mulleres vítimas de violencia machista, que permita incrementar os recursos municipais dedicados a brindar apoio e axuda ás mulleres.
- Reforzar con máis medios o actual Centro de Información ás Mulleres (CIM) e impulsar as medidas necesarias, en colaboración con outras administracións, para a apertura de dous novos CIM nos barrios de Coia e Teis.
- Asignar os recursos económicos necesarios para a elaboración e despregamento do "Plan para abolición da prostitución" anunciado pola concelleira de Igualdade en setembro de 2024."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** Durante o debate deste asunto, sendo as 09:47 horas, ausentase do Salón de Plenos o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

VOTACIÓN:

- Votos a favor:** tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:** dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:** Non houbo

ACORDO:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, e dezanove (19) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14) e dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.11.25 (Rex. Nº 5210/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Sobre a necesidades de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Sendo as 09:49 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, que pasa a presidir a sesión no lugar da Carta Tenente de Alcalde, Sra. Caride Estévez. Asi mesmo incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Aneiros Pereira, concelleiro do grupo político municipal socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 22 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

6.(191). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DAR IMPULSO A CONEXIÓN FERROVIARIA ENTRE VIGO E PORTUGAL A TRAVÉS DA SAÍDA SUR E SOLICITAR A REPROBACIÓN DO MINISTRO DE TRANSPORTES, ÓSCAR PUENTE. EXPTE. 5211/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5211/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DAR IMPULSO A CONEXIÓN FERROVIARIA ENTRE VIGO E PORTUGAL A TRAVÉS DA SAÍDA SUR E SOLICITAR A REPROBACIÓN DO MINISTRO DE TRANSPORTES, ÓSCAR PUENTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Portugal, a través da denominada Saída Sur, é un proxecto de importancia estratéxica para a nosa cidade, a súa área metropolitana e tamén o conxunto de Galicia. Esta infraestrutura daría continuidade ao Eixo Atlántico reforzando os lazos económicos e sociais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, alén de supor un elemento chave para a competitividade de ambos os dous territorios no marco do Corredor Atlántico.

O Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible formalizou en xuño de 2023 o contrato para a redacción do estudo informativo da devandita Saída Sur de Vigo, cun prazo de execución que, a día de hoxe, acumula un atraso significativo superando con creces os tempos inicialmente previstos.

De feito, a Dirección General del Transporte Ferroviario acaba de aprobar una ampliación de 11 meses no prazo de execución do contrato, o que adía a súa finalización ata o outono do vindeiro ano 2026, acumulando máis de dous anos de atrasos, xa que logo debería estar listo en decembro de 2024.

Unha demora, logo de meses de silencio por parte do Ministerio, que pon en entredito os prazos de finalización desta conexión anunciados polo Goberno de España, situando o novo horizonte no período 2036-2038. Unha falta de avances que contrasta cos progresos realizados pola parte portuguesa no seus tramos coa fronteira española, xerando un desequilibrio no desenvolvemento desta infraestrutura transfronteiriza.

Así, esa modificación de contrato vén de acender todas as alarmas na cidade de Vigo por supoñer outro atraso que resulta inaceptable para esta cidade, que sofre así un novo agravio por parte do actual Goberno de España. Un goberno que prometeu de xeito reiterado a posta en servizo dos dous tramos entre Vigo e Portugal para o ano 2030, malia as advertencias do Partido Popular sobre a imposibilidade de chegar en prazo. Tamén o alcalde da cidade, Abel Caballero, comprometeu en varias ocasións ese horizonte temporal, enganando así a vigueses e viguesas.

Por se non fose suficiente, o ministro de Transportes volveu desacreditar o rexedor local esta semana ao dar a coñecer os plans de futuro da súa carteira no que respecta á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 23 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

rede ferroviaria de alta velocidade en España. Unha rede na que non aparece a variante de Cerdedo, prometida unha e mil veces por Abel Caballero.

Por iso, a cidade non pode quedar calada ante estes prexuízos inadmisibles e debe alzar a voz ante o Goberno de España e nomeadamente ante un ministro que xa deixou a Vigo fóra da rede de portos nodais, non soluciona os problemas de mobilidade por estrada e deixa ao noso aeroporto sen voos. Deste xeito, cómpre que o pleno da corporación municipal reprobe a Óscar Puente e esixa unha rectificación na súa actitude cara a nosa cidade, á que relega a un segundo plano . Todos os grupos políticos locais deben abandonar as súas cores partidistas e reivindicar, con sentido de cidade e consenso, un trato xusto por parte do Ministerio de Transportes. Un departamento que, en lugar de achegar solucións a un territorio periférico como o noso, está a converterse en parte do problema.

Así o ratifica cada reunión que Abel Caballero mantén en Madrid con representantes do Goberno de España, das que só regresa con novos estudos sobre unhas obras que non dan chegado. Estudos que, como é o caso da saída sur, se postergan continuamente no tempo. E, como acontece co estudo informativo do treito entre O Porriño e a 'raia' non estará listo antes do último trimestre do ano 2027.

Unha actitude que contrasta coa da Xunta de Galicia, que vén de reclamar en Bruxelas a máxima prioridade para a liña internacional entre Vigo e Lisboa. Unha conexión que non pode depender doutras nin quedar relegadas. Como mínimo, a alta velocidade ferroviaria entre a nosa cidade e o país veciño debe chegar ao mesmo tempo, que a Lisboa-Madrid.

Por todo isto, o grupo municipal do PP de Vigo eleva ao Pleno de Vigo para o seu debate e eventual aprobación os seguintes,

ACORDOS:

- 1.- Instar ao Ministerio de Transportes do Goberno de España a que, con carácter de urxencia, axilice a redacción e aprobación definitiva do estudio informativo da Saída Sur de Vigo.
- 2.- Requirir ao Goberno de España a inclusión de prazos vinculantes para a execución da conexión de alta velocidade entre Vigo e Portugal, asegurando o financiamento necesario para o seu desenvolvemento sen máis atrasos.
- 3.- Instar ao Goberno de España a coordinarse eficazmente co Goberno de Portugal para sincronizar os prazos e a execución das infraestruturas a ambos lados da fronteira, asegurando a operatividade da conexión no horizonte comprometido.
- 4.- Reprobar ao ministro de Transportes, Óscar Puente, por relegar a Vigo a un segundo plano nas prioridades da súa carteira e nomeadamente con todo o relacionado coa alta velocidade ferroviaria, no que se está a actuar con escurantismo e falta de transparencia e información.
- 5.- Implantar todas as medidas necesarias para mellorar a conexión ferroviaria entre Vigo e Madrid, que debe recortar os seus tempos actuais ao igual que están a acontecer noutros territorios de España."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 24 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de novembro de 2025, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5218/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 20 de novembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5219/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polos voceiros do grupo municipal Socialista e do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezaseis (16) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.11.2025 (Rex. Nº 5211/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Para dar impulso a conexión ferroviaria entre Vigo e Portugal a través da saída sur e solicitar a reprobación do ministro de Transportes, Óscar Puente", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Sendo as 10:10 horas, auséntase do Salón de Plenos a concelleira, Carta Tenente de Alcalde, Sra. Caride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

7.(192). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTÁNDO Á XUNTA DE GALICIA A POÑER EN MARCHA UN PLAN PARA REBAIXAR O TEMPO DE ESPERA NA ÁREA SANITARIA DE VIGO. EXPTE. 5212/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5212/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 25 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOCIÓN

"A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xunio 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de consultas e en nos tempos de algúns probas diagnósticas na Area sanitaria de Vigo.

Pero preocúpanos moito o aumento tan importante nos días de espera para as cirurxías. Que ademáis sitúase por encima da media galega. E outro dato tamén moi preocupante e o do aumento dos tempos de espera para cirurxías de prioridade 1, que non so aumentan e pasan de 17,4 días de espera a 19, senón que tamén superan a media galega. E o mesmo sucede co aumento dos días de espera en radioloxía ou en medicina nuclear.

Por eso que con estos datos na man, non é extraño que a xente se preocupe polas listas de espera na Area Sanitaria de Vigo.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriales".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertíronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de espera na Area Sanitaria de Vigo, especialmente en cirurxía, en cirurxia de prioridade 1 e radioloxía."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 26 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

•*Votos a favor:* dezaoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2025 (Rex. Nº 5212/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan para rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Durante o debate do seguinte asunto da orde do día, sendo as 10:46 horas, incorpórase á sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Caride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

8.(193). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA RATIFICAR O COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO COA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 5213/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5213/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O 25 de novembro é un día que nos atravesamos como sociedade, coa conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero. Unha data de memoria, de denuncia e de compromiso. Unha xornada para lembrar a todas as mulleres asasinadas a mans da violencia machista, para acompañar ás superviventes e ás súas familias. É un día de determinación colectiva para renovar o compromiso do noso país cunha vida libre de violencia para todas as mulleres e nenas.

A Violencia de Xénero é a expresión máis extrema dunha desigualdade histórica. É unha violación de dereitos humanos, un ataque directo aos valores democráticos e á dignidade das mulleres, polo mero feito de selo. Trátase dunha violencia estrutural dirixida cara ás mulleres polo mero feito de selo. Non é un fenómeno illado. É un pro-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 27 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

blema de Estado e combatelo non é só unha responsabilidade política, senón un imperativo ético.

Este ano conmemoramos ademais un gran fito, a renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado o pasado mes de febreiro no Congreso dos Deputados e Deputadas co respaldo maioritario dos grupos parlamentarios. Este novo acordo amplía o número de medidas de 290 a 462, incorporando novas formas de violencia como a violencia económica, a violencia dixital ou a violencia vicaria, cunha dotación orzamentaria reforzada de 1.500 millóns de euros para os próximos cinco anos.

En coherencia con ese Pacto de Estado aprobado, o pasado mes de setembro o Consello de Ministros e Ministras aprobou o anteproxecto de Lei Orgánica de medidas en materia de violencia vicaria. Esta lei, por primeira vez en Europa, tipifica esta forma de violencia como delito autónomo no Código Penal.

A violencia vicaria é a forma máis cruel de violencia machista. Ataca ás mulleres onde máis doe, a través das súas fillas e fillos. É unha violencia extrema que o Estado ten o deber de previr, de sancionar e de reparar. Na actualidade máis de 1400 menores están en risco segundo Viogén (Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero). Lexislar sobre este tipo de violencia era un clamor social e o que buscamos é visibilizar, recoñecer, previr, sancionar e erradicar esta forma de violencia. Con iso, España volve a situarse á vangarda en políticas de defensa dos dereitos elementais das mulleres.

Consideramos que é de vital importancia continuar traballando para que de forma urxente se aprobe a lei de violencia vicaria, para seguir reforzando a atención integral ás vítimas, para aumentar a formación especializada de todos os profesionais implicados, e en definitiva, para que o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero se cumpra e se implemente de forma efectiva.

Hoxe, como cada 25 de novembro, sumámonos á chamada global impulsada por Nacións Unidas e reafirmamos o noso compromiso coa prevención, atención e reparación da violencia machista. Non daremos nin un paso atrás nesta loita. Porque é posible — e é a nosa responsabilidade— acabar coa violencia contra as mulleres.

Os concellos temos a responsabilidade e a obriga de velar pola seguridade e os dereitos dos nosos cidadáns e cidadás, garantir contornas libres de violencia, así como protexer ás vítimas.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Ratificar o compromiso deste Concello coa loita contra a violencia de xénero en todas as súas expresións.
- Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
- Comprometémonos a implementar, dentro das nosas competencias, todas as accións contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aprobado este ano 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 28 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia de xénero.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,
- *Votos en contra:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2025 (Rex. Nº 5213/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, "Para ratificar o compromiso do Concello de Vigo coa loita contra a violencia de xénero", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**.- Incidencia.* Sendo as 10:49 horas, auséntanse do Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde que preside a sesión, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a Carta Tenente de Alcalde, Sra. Caride Estévez. Auséntanse así mesmo as concelleiras Sras. Iglesias González e Rodríguez Calviño do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e un (21) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.(194). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE REPROBACIÓN DA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COA FACULTADE DE MEDICINA PARA VI-GO. EXPTE. 5214/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5214/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En máis dunha ocasión, debatemos no Pleno do Concello de Vigo, a necesidade de que Vigo contase cunha Facultade de Medicina.

Eran moitas as razóns que dabamos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 29 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entre elas a do Alcalde de Vigo, que transmitía que de non contar con ela, seríamos a maior cidade de España sen facultade de Medicina, e isto podería ser extensivo a áreas da Unión Europea con moita menos poboación.

A idea contaba con amplo respaldo como os do xefes do CHUVI, os docentes da Universidade de Vigo, investigadores etc.

Pero, a Xunta de Galicia seguiu co seu obxectivo inicial de non crear unha nova facultade nin para Coruña nin para Vigo, e camiñou ata que conseguiu un acordo entre as universidades galegas.

O acordo acadado entre as tres universidades Galegas, a Consellería de Educación e a de Sanidade, que leva a descentralizar a docencia do Grao de Medicina, pero impide que Vigo conte cunha facultade de Medicina. E este acordo, ademais de que creemos que é forzado, non é bo para a cidade.

Estamos, pois, ante unha aposta clara do conselleiro de Sanidade e de Educación por unha facultade única de Medicina; ou dito doutro xeito, A Xunta de Galicia, non quere que exista unha Facultade de Medicina en Vigo.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS:

- Reprobar a actitude da Xunta de Galicia, e nomeadamente do conselleiro de Sanidade, D. Antonio Gómez Caamaño, por manter a facultade de medicina en Santiago como a única de Galicia.
- Reprobar a actitude da Xunta de Galicia, e nomeadamente do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, D. Román Rodríguez González, por manter a centralidade da facultade de medicina en Santiago.
- Reprobar o Presidente da Xunta de Galicia, por primar os privilexos de Santiago fronte a defensa de una facultade de medicina para Vigo."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* trece (13), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,
- *Votos en contra:* oito (8), dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 30 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con trece (13) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2025 (Rex. Nº 5214/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Reprobación da Xunta de Galicia en relación coa facultade de Medicina para Vigo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:10 horas, incorpórase á Sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira que volve a presidir a sesión. Así mesmo tamén se incorpora a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Iglesias González. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

10.(195). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O REXEITAMENTO DA INCAUTACIÓN DO EDIFICIO DOS ANTIGOS XULGADOS, A TRAVÉS DA LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 5215/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2025, número 5215/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Parlamento de Galicia, está a tramitar o Proxecto de Lei de Orzamentos de Galicia para o ano 2026 xunto coa chamada Lei de medidas fiscais, administrativas e de orde social, a que se coñece como "Lei omnibus" por incluír disposicións que non teñen que ver cos ingresos e gastos da Administración autonómica.

Unha desas disposicións que non garda relación coa actividade financeira é a que pretende a incautación de bens doutras Administracións a través, ademáis, dun procedemento nada garantista pero baixo unha aparencia de legalidade. Trátase da disposición adicional vixésimo quinta, que introduce un procedemento administrativo de "cooperación entre a Administración local e a autonómica para a regularización patrimonial de bens inmobles afectados a un uso xeral ou ao servizo público".

A pretendida regularización patrimonial non é máis que a vía que pretende o Goberno da Xunta de Galicia para facer seus bens que non o son e citada cooperación significa que a falla de resposta nun prazo breve de tempo supón a aceptación da incautación sen, ademáis, compensación económica algunha.

Esta vulneración das garantías, dos dereitos e das competencias das Administracións locais ten, de novo, a Vigo como obxectivo. Máis concretamente a incautación de bens que figuran no inventario municipal do 1993 e do 2025 e no Rexistro da Propiedade dende o ano 1983, como é o caso do antigo edificio dos Xulgados, e polo tanto sobre os que non debería existir dúbida sobre a propiedade do mesmo por seren o Concello de Vigo quen adquiriu por 12.662.960 pesetas os terreos para construír o entón Palacio de Xustiza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 31 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta cuestión, que non é nova porque xa se quixo facer en materia de transporte, amosa un modo de gobernar contrario aos intereses xerais e a favor dos exclusivos intereses partidistas do Goberno autonómico. É coñecido que a Xunta de Galicia pretende apropiarse dunha instalación municipal, pagada co diñeiro dos vigueses no século pasado a través dunha manobra xurídica inconstitucional e ilegal que pretende aprobarse cos votos dos representantes do Partido Popular no Parlamento de Galicia pero, fundamentalmente, contra os intereses do Concello de Vigo.

En resumo a disposición adicional vixésimo quinta introduce un procedemento contrario á Constitución Española, á Lei Orgánica do Poder Xudicial, á normativa patrimonial básica do Estado e aos principios de legalidade, separación de poderes, seguridade xurídica e lealdade institucional.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Concello de Vigo, exprese o seu rexeitamento a esta modificación e insten á Xunta de Galicia á súa retirada inmediata, protexendo así o patrimonio público local.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento do Pleno do Concello de Vigo á incautación do edificio dos antigos Xulgados, e doutro patrimonio municipal, a través dunha medida incluída na Lei de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.
2. Instar o Goberno da Xunta de Galicia a retirar integramente a citada disposición adicional do texto lexislativo e advertir, no caso de que non se faga, da adopción dun acordo inconstitucional e ilegal por parte do Parlamento.
3. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Facenda e Administración Pública, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como á FEGAMP e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* dezaioito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:* Non houbo

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 32 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2025 (Rex. Nº 5215/1101), polo vocveiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Rexeitamento da incautación do edificio dos antigos Xulgados, a través da Lei de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:29 horas, incorpórase á Sesión a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na acta da sesión coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

FOD.1.(196). MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, REFERENTE AS DECLARACIÓNS DO SUBDELEGADO DO GOBERNO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, D. ABEL LOSADA, DESVELANDO UN OPERATIVO POLICIAL CONTRA UNHA SUPOSTA NARCOCASA NA PARROQUIA DE CABRAL. EXPTE. 5222/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro de 2025, número 5222/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA

"XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Este pasado xoves, 20 de novembro, o día despois da convocatoria do Pleno ordinario correspondente ao presente mes, o subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, D. Abel Losada, interveu nun programa de televisión de Cuatro, 'Todo es Mentira', acusando falsamente ao Grupo Municipal do PP de Vigo de "alterar" e "interferir" nun procedemento de investigación policial relacionado cunha suposta narcocasa na parroquia viguesa de Cabral, desvelando, el si, a existencia dese suposto operativo, nun feito insólito e impropio do seu cargo.

Como queira, xa que logo, que o prazo para a presentación de mocións ordinarias ten rematado, rexistramos esta Moción de urxencia ao abeiro do disposto no artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 20 de novembro o subdelegado do Goberno en Pontevedra, D. Abel Losada, acusou publicamente nunha intervención televisiva realizada no programa de Cuatro 'Todo Es Mentira' a tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo: Luisa Sánchez, Miguel Martín e Fernando Abeijón, e ás deputadas nacionais Ana Vázquez e Irene Garrido, tamén do Partido Popular, de "alterar" e "interferir" nun



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 33 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

suposto procedemento de investigación policial que se estaba levando a cabo relacionado cunha suposta narcocasa no barrio Fontiñas de Arriba, na parroquia parroquia viguesa de Cabral.

Acusacións de extrema gravidade e rotundamente falsas que supoñen un ataque contra a honra e o compromiso destes representantes públicos coa legalidade e a seguridade cidadá e que son froito dun ataque político inxustificado e impropio dun subdelegado do Goberno logo da visita destes representantes do Partido Popular á suposta narcocasa o pasado luns 17 de novembro para denunciar a situación e a inacción policial.

Unha visita á zona para acompañar e solidarizarse cos veciños que levan máis dun ano sufrindo as consecuencias da presenza desta casa ocupada, e que dende entón levan denunciando problemas de inseguridade cidadá e tráfico de drogas sen que ata o momento se fixera nada ao respecto.

Visita que, nin moito menos, foi a primeira que se levou a cabo para denunciar a situación no barrio de Fontiñas, xa que en semanas anteriores foron os propios veciños os que se concentraron diante da suposta narcocasa e varios os medios de comunicación, tanto de prensa como de televisión, que se achegaron por alí para facer reportaxes ao respecto da situación.

Xa que logo, as manifestacións do subdelegado do Goberno non só son falsas e inxuriosas, senón que tamén amosan unha absoluta irresponsabilidade política e institucional o revelar, el si, a existencia dun suposto dispositivo de investigación policial.

Un representante do Goberno central debe manter a máxima prudencia e rigor na súas declaracións, e dende logo nin pode revelar operacións en marcha nin acusacións falsas por puro interese político.

Diante da gravidade destes feitos o Grupo Municipal del Partido Popular propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Expresar a solidariedade do Pleno da Corporación cos veciños da parroquia de Cabral afectados que levan máis dun ano denunciando inseguridade cidadá no seu barrio por culpa da presenza desta narcocasa, así como cos veciños doutros puntos da cidade de Vigo que se atopan na mesma circunstancia.

2.- Esixir que de xeito inmediato se adopten as medidas oportunas para desocupar e desmantelar esta narcocasa no barrio de Cabral.

3.- Esixir a dimisión do subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, Abel Losada, por revelar a existencia dun procedemento de investigación policial relacionado coa suposta narcocasa no Camiño de Fontiñas de Arriba número 8, na parroquia de Cabral, acusando falsamente a tres concelleiros do Grupo Municipal do PP de Vigo e dúas deputadas no Congreso do mesmo partido de pór en aviso aos supostos delincuentes.

4.- Expresar o apoio do Pleno da Corporación municipal aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo Luisa Sánchez, Miguel Martín e Fernando González Abeijón, e as deputadas nacionais do Grupo Parlamentario do PP Ana Vázquez e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 34 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Irene Garrido polas falsas acusacións vertidas polo subdelegado do Goberno na provincia."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

- *Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- *Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezaseis (16) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 21.11.2025 (Rex. Nº 5222/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*Diante das declaracións do Subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, D. Abel Losada, desvelando un operativo policial contra unha suposta narcocasa na Parroquia de Cabral*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

RESOLUCIÓNS.

11.(197). DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1483/1102. (EXPTE. PLENO 5164/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2025, que di o que segue,

«10.- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS TITULARES DAS CONCELEIROSÍAS DE ÁREA DE GOBERNO. Expte. 1483/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 35 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/09/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Por razóns de eficacia administrativas e optimización dos recursos empregados resulta aconsellable delegar nos titulares de concellerías de área de Goberno determinadas competencias da Xunta de Goberno Local. Así, en data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023, 8 de marzo e 28 de xuño de 2024, e 13 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno delegou nos titulares das concellerías de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede, para súa adaptación, modificar o acordo de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas

Polo exposto, de conformidade coas previsións que se establecen nos artigos 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas no artigo 124 de dito texto legal formula á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 modificado posteriormente por acordo de data 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024 e 13 de xuño de 2025 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

I.- Na Primeira Te Concellería de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 36 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras da súa competencia.
4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras da súa competencia.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras da súa competencia tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras.
8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.
9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.
10. O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.
11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

Dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos.

1. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congrosos Mar de Vigo.

En materia de Transportes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 37 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia da prestación de servizos urbanos de transporte público en vehículos de turismo.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

En materia de Deportes.

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto da Xunta de Goberno Local.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

III.- Na Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.

En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

En materia de Patrimonio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 38 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 39 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
8. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver, a proposta motivada da Mesa de Contratación, sobre a aceptación ou rexeitamento das xustificacións presentadas polos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais, e no caso de rexeitamento das xustificacións presentadas, a súa exclusión do procedemento.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 40 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

En materia de Recursos Humanos e Formación

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 41 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

VI. Área de Goberno de Política Social e Participación cidadá

En materia de Política de Benestar social,

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 42 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de parques e xardíns

1. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
2. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
3. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
4. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
5. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
6. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
7. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Comercio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 43 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.
3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

2º- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a Xunta de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencia respecto dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 44 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
 10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
 11. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
 12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
 13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
 14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería delegadas de Recursos Humanos e Formación.
 15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
 16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
 17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.
- 3º.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 45 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4º.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

5º.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

6º.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

7º.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

TERCEIRO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

QUINTO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

SEXTO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.»

ACORDO:

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do acordo da XGL de data 26.09.2025, de delegacións de competencias nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

12.(198). RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 17/10/25 E O 16/11/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5207/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 46 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25, incluídas no expediente 5207/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13.(199). RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 17/10/25 E O 16/11/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5208/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25, incluídas no expediente 5208/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

14. FORMULACIÓN DE ROGOS.

14.1.(200). Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que na aplicación do Plan de Mobilidade do Nadal se inclúan mediadas efectivas para evitar o colapso do tránsito na cidade e garantir a seguridade, como poñer en marcha servizos de lanzadeiras de bus, habilitar aparcamentos disuasorios e garantir corredores de emerxencia que faciliten o acceso dos servizos sanitarios e de emerxencia, así como reforzar os dispositivos de Policía Local e Protección Civil».

14.2.(201). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos unha vez mais que o goberno municipal cumpra co Regulamento Orgánico do Pleno, respecte os dereitos da oposición e conteste en tempo e forma as preguntas formuladas en comisións informativas e mesmo no Pleno, así como a solicitude de acceso a visualización de expedientes que sistematicamente se atrasa no tempo ou quedan en silencio».

15. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15.1.(202). Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Que medidas vai aplicar o Goberno municipal para resolver o colapso na atención á cidadanía nas oficinas do Padrón, derivadas da manifesta insuficiencia de persoal municipal, e que provocan que a veciñanza teña que facer longas esperas, mesmo de madrugada, ás portas do Concello para poder realizar algún trámite?».

15.2.(203). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cando vai este goberno municipal proceder a mellorar os accesos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 47 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Escola Infantil Villa Laura, diante do mal estado que presentan e as denuncias de pais e nais reclamando dende hai mais de ano e medio o seu arranxo?».

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario novembro 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 24 de Noviembre de 2025 09:06:30
Fecha Fin : Lunes, 24 de Noviembre de 2025 11:36:01
Duración : 02:29:31

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3611

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.0 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/48ibAwbmIcULuYmhu8kfPzq33e05N-JRHooZmaemZYYJdRkP8.wmv>
SHA512 - 144a85e21040b0962fc893ae127984dc4bcf718fac4e3b25ece1632df146d9a8d36d87746d8bbaf2596ee3f8e8694f7db608cf3e0bc8abd686b17363d7cc5f68

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 865 MiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/JHgyyb4akQkTP3npBmAeixY8ujH36f-TuG2P7cpyas4yPF0ro.mp4>
SHA512 - a5ed343c96df5215ec2ce658e25495d4e48ea6c8841a6159c61130fb29b4a920c0f50af53a372b0d788bf60701e37b39db340c094f0065dee974c3b90faceba7

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
00:01:01 - Caballero Álvarez, Abel
00:01:55 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 27 de outubro e extraordinaria do 14 de novembro 2025.
00:02:06 : 2. Declaración Institucional polo 25 de novembro, "Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller". Expte 14211/224 (Expte. Pleno 5197/1101).
00:02:53 - Oradora invitada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 48 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:08:41 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:09:32 : 3. Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029. Expediente 5160/1101. (Expt. Pleno 5195/1101).
- 00:10:03 - Caballero Álvarez, Abel
 00:10:11 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:15:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:15:32 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:18:35 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:38 - Votación [9:25:16]
- 00:19:13 : 4. Solicitud de compatibilidade de funcionario de carreira. Expediente 47528/220. (Expte. Pleno 5209/1101).
- 00:19:43 - Votación [9:26:13]
 00:19:56 - Votación [9:26:26]
 00:20:25 - Minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia machista
- 00:21:53 : 5. Moción do grupo municipal do BNG sobre a necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista. Expte. 5210/1101.
- 00:22:10 - Martínez Piñeiro, Ana
 00:27:18 - Caride Estévez, María José
 00:27:31 - García González, Patricia
 00:32:47 - Caride Estévez, María José
 00:32:55 - Iglesias González, Ana Laura
 00:38:12 - Caride Estévez, María José
 00:38:24 - Martínez Piñeiro, Ana
 00:41:39 - Caride Estévez, María José
 00:41:49 - Votación [9:48:18]
- 00:42:10 : 6. Moción do grupo municipal do Partido Popular para dar impulso a conexión ferroviaria entre Vigo e Portugal a través da saída sur e solicitar a reprobación do Ministro de Transportes, Óscar Puente. Expte. 5211/1101.
- 00:42:34 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:47:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:48:01 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:53:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:54:08 - López Font, Carlos
 00:59:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:59:26 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:02:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:02:56 - Votación [10:09:25]
- 01:03:25 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan para rebaixar o tempo de espera na Área Sanitaria de Vigo. Expte. 5212/1101.
- 01:03:45 - López Font, Carlos
 01:08:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:08:54 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:13:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:14:19 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:19:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:19:14 - López Font, Carlos
 01:22:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:22:26 - Votación [10:28:55]
- 01:22:45 : 8. Moción do grupo municipal Socialista para ratificar o compromiso do Concello de Vigo coa loita contra a violencia de xénero. Expte. 5213/1101.
- 01:23:04 - Iglesias González, Ana Laura



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 49 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:27:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:28:06 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:33:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:33:58 - García González, Patricia
 01:38:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:39:11 - Iglesias González, Ana Laura
 01:42:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:42:31 - Votación [10:49:00]
- 01:42:54 : 9. Moción do grupo municipal Socialista de reprobación da Xunta de Galicia en relación coa facultade de Medicina para Vigo. Expte. 5214/1101.
 01:43:12 - López Font, Carlos
 01:48:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:48:26 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:53:26 - Caride Estévez, María José
 01:53:35 - Martín Peña, José Miguel
 01:58:33 - Caride Estévez, María José
 01:58:46 - López Font, Carlos
 02:01:48 - Caride Estévez, María José
 02:02:03 - Votación [11:08:33]
- 02:02:25 : 10. Moción do grupo municipal Socialista sobre o rexeitamento da incautación do edificio dos antigos Xulgados, a través da Lei de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia. Expte. 5215/1101.
 02:02:43 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:07:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:08:17 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:13:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:13:36 - Martín Peña, José Miguel
 02:18:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:18:27 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:21:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:21:30 - Votación [11:28:00]
- 02:21:53 : Moción de urxencia do Partido Popular
 02:22:18 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:23:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:23:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:24:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:24:45 - López Font, Carlos
 02:25:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:48 - Votación [11:32:17]
- 02:26:05 : 11. Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as; dación de conta. Expediente 1483/1102. (Expte. Pleno 5164/1101).
- 02:26:22 : 12. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5207/1101.
- 02:26:37 : 13. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/10/25 e o 16/11/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5208/1101.
- 02:26:54 : 14. Formulación de rogos.
 02:27:03 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:27:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:27:39 - Martín Peña, José Miguel
 02:27:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:09 - Abalde Comesaña, Filipe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 50 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

02:28:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:28:44 - Martín Peña, José Miguel
02:28:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:29:31 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e cinco minutos (11:35) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 20/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
M^a Jose Caride Estévez
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:13	Páxina 51 de 51
5250-1101	CSV: AHA3DC-86D628-AC3189-GU95NR-9EBDDU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		